



Paraiño  
entre ríos

PADERNE XANEIRO 2016

# INFORMACIÓN MUNICIPAL

## Solicitud de novos obradoiros de emprego

Ao abeiro da Orde de 29 de decembro de 2015 e a través dos Programas mixtos de Emprego e Formación da Comunidade Autónoma de Galicia, o Alcalde ven de asinar convenios de colaboración para a solicitude conxunta de obradoiros de emprego cos concellos de Miño e Pontedeume, por un lado, e cos concellos de Betanzos, Abegondo e Coirós por outro.

**Convenio** de colaboración conxunta cos concellos de Miño e Pontedeume para un obradoiro de emprego nas especialidades de:

**"Socorrismo en instalacións acuáticas e Socorrismo en espazos acuáticos naturais"**. A duración de cada unha das especialidades será de 6 meses, posibilitando a formación de 30 alumnos de entre dezaoito e vintecinco anos ou menores de trinta no caso de persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ó 33%, sempre que estean inscritos no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil.

**Convenio** de colaboración conxunta cos concellos de Miño e Pontedeume para un obradoiro de emprego nas especialidades de:

**"Atención sociosanitaria de persoas no domicilio"** e **"Atención sociosanitaria a persoas en institucións sociais"**. Para a formación de 30 alumnos por un período de 6 meses cada un, capacitando ás persoas que o realicen para postos de traballo de auxiliar de axuda no fogar ou de coidador de persoas con necesidades especiais, tanto físicas como psíquicas.



**Convenio** de colaboración conxunta cos concellos de Betanzos, Abegondo e Coirós para un obradoiro de emprego **"Mandeo Emprende"** nas especialidades de:

**"Instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes"** para un total de 15 alumnos e **"Promoción turística local e información ó visitante"** para un total de 15 alumnos.

**Convenio** de colaboración conxunta cos concellos de Betanzos, Abegondo e Coirós para a posta en marcha do obradoiro de emprego **"Integración social e coidado á dependencia"** nas especialidades de:

**"Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais"** para un total de 15 alumnos. **"Promoción e intervención socioeducativa con persoas con discapacidade"** para un total de 15 alumnos.

Unindo así esforzos para achegar ós veciños novas oportunidades de emprego e formación contribuíndo a xerar riqueza na zona.

## Visita ós viveiros de emprendemento

A visita realizouse o pasado 14 de decembro co obxecto de coñecer de primeira man esta instalación e os proxectos de emprendemento que se están comezando nas mesmas.



*O Alcalde de Paderne co Alcalde de Abegondo e o Alcalde de Oleiros visitando a empresa Orballo, con sede en Donín, Paderne*



## Presentación da Guía de viños, destilados e bodegas de Galicia

Neste acto do 17 de decembro, a "Guía" presentou un viño elaborado 100% coa variedade Branco Lexítimo acadando un Ouro e tres marcas con bronce cada unha delas ademais dun Gran Ouro co "Dulce Lexítimo" que ven a reafirmar o bo traballo que se está a facer e a visión do Alcalde na aposta realizada.

*O Alcalde con Luís Paadín, autor da "Guía"*

## Concerto de Nadal e Fin de Ano

En cada unha das súas edicións acuden moitas persoas de Paderne a compartir co Alcalde estes momentos tan entrañables de Nadal e Fin de Ano.



*O Alcalde saudando ós asistentes no Concerto de Fin de Ano*



## Cabalgata de Reis

O pasado día 4 de xaneiro os Reis Magos chegaron a Paderne no seu primeiro recorrido polos concellos da zona. Despois de se recibidos polo Alcalde e o Equipo de Goberno visitaron tódalas parroquias de Paderne para rematar cunha festa no polideportivo municipal.

*O Alcalde e o Tenente-Alcalde cos Paxes e as Súas Maxestades*

## Subvencións solicitadas á Xunta de Galicia

### Fomento de emprego e mellora da empregabilidade

Solicítase á Consellería de Economía, Emprego e Industria, ó abeiro da Orde pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais, a contratación de persoas desempregadas para os seguintes servizos:

- **Cuadrilla de obras**; solicítanse **5 peóns** a media xornada por un período de 6 meses
- **Auxiliares servizos sociais**; solicítanse **2 auxiliares de axuda no fogar** a xornada completa por un período de 3 meses
- **Socorrista**; solicítase a contratación dun socorrista para os tres meses de verán a xornada completa
- **Desbroce de camiños rurais**; solicítase un **peón forestal** a media xornada por un período de 6 meses

### Fondo de Compensación Ambiental

Solicítase, ó abeiro da convocatoria de subvencións do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2016, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, o proxecto de **“Recuperación e limpeza de rutas de sendeirismo e áreas recreativas”**.

Neste proxecto, cun importe de **40.000 €**, búscase a protección do medio ambiente e do espazo natural do noso Concello que conta con espazos medioambientais protexidos como é a Rede Natura 2000, na zona Betanzos-Mandeo, e desde maio de 2013 co recoñecemento como Reserva de Biosfera dentro do territorio Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

### Mellora de Infraestructuras Municipais

Ao abeiro da orde pola que se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestructuras, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais a concellos de Galicia para o ano 2016, o Concello de Paderne solicita a posta en marcha dun proxecto piloto no noso Concello como é o establecemento de toda unha aldea con aforro enerxético.

Coa solicitude dunha subvención de **40.000 €** para a posta en marcha deste proxecto, procúrase unha mellora da rede de iluminación pública ó tempo que suporá un aforro enerxético.

## Axudas e subvencións que poden solicitar os particulares

### Axudas para a rehabilitación de edificios e vivendas no ámbito do Camiño de Santiago

A Consellería de Infraestrutura e Vivenda ven de publicar, no DOG de 28 de decembro de 2015, a Orde para solicitar a participación para actuacións de rehabilitación de edificios e vivendas no ámbito da área de rehabilitación integral dos Camiños de Santiago.

No Concello de Paderne o ámbito de actuación correspóndese coas vivendas situadas nas parroquias de Souto e Viñas.

### Plan Renove de Fiestras

O pasado 1 de xaneiro entrou en vigor un novo Plan Renove de Fiestras que ten por finalidade incentivar a rehabilitación dos ocios acristalados das fachadas, tanto no referente ó acristalamento como ós marcos ou perfís.

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día 1 de marzo e remata o 30 de setembro de 2016, agás que se produza o suposto esgotamento de crédito.

### Procedemento de Recoñecemento das Competencias Profesionais adquiridas a través da Experiencia Laboral

A Consellería de Economía, Emprego e Industria, publicou no DOG de 11 de xaneiro de 2016, unha nova convocatoria para o recoñecemento das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral nas seguintes cualificacións profesionais:

- Atención sociosanitaria a persoas no domicilio: 646 prazas
- Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais: 455 prazas
- Servizos para o control de pragas: 50 prazas
- Xestión de servizos para o control de organismos nocivos: 50 prazas
- Socorrismo en espazos acuáticos naturais: 200 prazas
- Socorrismo en instalación acuáticas: 200 prazas
- Extinción de incendios e salvamento: 250 prazas
- Confección e mantemento de artes e aparellos: 70 prazas
- Aproveitamentos forestais: 100 prazas
- Tanatopraxia: 150 prazas

### Promoción do Emprego Autónomo

A súa finalidade é promover e axudar a financiar aqueles proxectos empresariais cunha viabilidade económica e financeira que faciliten a creación do seu posto de traballo ás persoas desempregadas que pretendan desenvolver a súa actividade empresarial ou profesional en Galicia.

Poderán beneficiarse deste programa as persoas desempregadas inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego que reúnan os requisitos deste programa.

Para maior información, os interesados poden dirixirse á Axencia de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello.

## Programa de Compostaxe Doméstica

Coa finalidade de concienciar coa recollida selectiva de lixo así como na redución de residuos orgánicos, o Concello ve de adherirse ó Programa de Compostaxe Doméstica de Sogama. A través del, as persoas que se adhiran, recibirán un composteiro no que poder elaborar o seu compost que logo poderán utilizar como acondicionador de solos nos seus xardíns e hortas.

Este programa comeza cun limitado número de composteiros; as persoas interesadas poden solicitalo persoalmente ou ben chamando por teléfono ás oficinas municipais onde recibirán toda a información.

## Plan de Acción Social 2015 (PAS 2015)

O Concello ven de incluír os seguintes proxectos no Plan de Acción Social 2015 (PAS-2015) da Deputación da Coruña coas seguintes melloras:

- **Mellora dos Centros Culturais nas parroquias de Vigo, Vilamourel, Quintas e Velouzás** por un total de **34.818,62 €**
- **Mellora da Praza Pública de Chantada e acondicionamento e formación de parques biosaudables en Chantada, Viñas e Velouzás** por un total de **47.167,39 €**
- **Mellora e acondicionamento da piscina municipal así como da sinalización do Concello de Paderne** por un total de **30.000,01 €**
- **Mellora da pavimentación nas parroquias de Souto, Velouzás e Viñas** por un total de **74.657,35 €** contemplando a mellora das seguintes vías:

### Na parroquia de Souto:

Camiño N-651 – Gas, Núcleo Urbano de Gas  
Camiño Chantada – Igrexa de Souto

### Na parroquia de Velouzás:

Camiño Couto – Sas

### Na parroquia de Viñas:

Camiño Porto – Abrodos  
Camiño Barreiro – Valiño – Lambre – Mámoas

## Mellora da Seguridade Vial, senda peonil Paderne-Betanzos

Con un orzamento de **281.776,28 €** e un valor de expropiación de **15.932,76 €** o que ven a constituír un total de **297.709,04 €** destinados a esta actuación que ten como obxectivo aumentar a seguridade dos veciños coa creación dunha senda peonil que una Obre con Betanzos.

Esta senda, constituída por un camiño con unha anchura media de dous metros, conectará as beirarrúas existentes no comezo da estrada provincial, dentro do núcleo de Betanzos, coas beirarrúas existentes en Obre.



## Entroido en Paderne

Celebrarémolo o día **10 de febreiro**, mércores de cinza. Ás 20:30 h comezará a celebración na que haberá comida e bebida a base de produtos de Paderne. Ás 21:00 h queimaremos o Entroido tralo cal daremos paso ó concurso de disfraces no que teremos premios para os tres mellores na categoría de grupos, outros tres para os mellores na categoría individual e un premio para os que se presenten dentro da categoría infantil.

Teremos tamén moita música, queimada e fogos artificiais.

*Vade preparando os vosos disfraces... e non faltedes*



## Día da Muller

Celebrarémolo o vindeiro **8 de marzo**, Día da Muller Traballadora, con un acto ás 20:30 h na Casa Consistorial ó que están invitadas tódalas persoas do Concello.

O importante papel xogado pola muller na sociedade e a loita polos seus dereitos serán o tema do día. As persoas interesadas poden realizar a súa reserva de sitio ata o día 7 de marzo.

## VIII Aniversario do Centro de Maiores

Será o vindeiro **10 de marzo** para tódolos socios do Centro de Maiores.

A xornada dará comezo ás 11:00 h coa recollida dos asistentes polas distintas parroquias.

Antes da comida coñeceremos a Casa-Museo de Wenceslao Fernández Flórez, en Cambre, que fora lugar de residencia de verán do autor da famosa obra “El bosque animado” e na que se pode contemplar unha exposición permanente de obxectos persoais, a biblioteca e utensilios da época.

A comida, co sorteo de regalos e o baile será nun restaurante da zona.

O custe é de **25 €** e os socios que desexen asistir teñen ata o 7 de marzo para inscribirse chamando ás oficinas municipais ou dirixíndose ós socios colaboradores de cada parroquia.